

Foll. 226-2

~~Foll. 224-8~~

CERTAMEN LITERARIO

DE LA

JUVENTUD CATOLICA

DE

SANTIAGO.



AÑO DE 1885.

IMP. DE ALENDE.

75822.11

HEMNO

AL

APOSTOL SANTIAGO,

POR

D. Francisco M.^a de la Iglesia.

PREMIO DE HONOR

EN EL

CERTAMEN LITERARIO

DE LA


JUVENTUD CATÓLICA DE SANTIAGO.



SANTIAGO:

IMPRESA DE ALENDE, TORAL 3.

1885.



A SANTIAGO APOSTOLO

n-o jibalen extraordinareo d' o seu descrebimento segundo,

ANO DE

MDCCCLXXXV.

Videtur quoniam ex operibus
justificatur homo et non ex fide
tantum.

APOST. SANT.—EP. CATOL., II.
V. 26.

I.

Himno santo de gozo e speranzas
Hastr' o ceu ergan Sar e Sarela,
Alomíe cal sol Compostela,
Vista Hispania seu manto millor,
E coreen n-a gloria os anxeos
Gardadores d' a Igrexa bendita
Dand' ô Eterno loanza en finita
Pol o hachazgo d' o envito Xacob.

II.

Grandes feitos o ceu pernostica:
Galiciáns, homildémol-a testa,
De Solovio n-a sagra frolestá
Volv' á vers'o Adalid' español.
D' algún mal ven amant' á librarnos,
A pesar d' o increíble trafego,
Cand' así d' o esquencido *Sartego* (1)
Nova fonte de vida brotóu.

III.

Siñor Dios d' os exércitos pío,
Qu' a neviña d' o ben sementando
Is as duras cadeas tronzando
Pra faguer d' os alleos hirmáns:
Gracias mil porqu' á darnos volvedes
Capitán de guiar tan seguro,
De comando tan maino e tan puro
Como hai sigros catamos en van.

(1). Nicho, especialmente si é feito d' unha peza con tapadeira.

IV.

Santa Fé, redentora d' os pobos,
Forza e guía d' o gran Zebedéo
Báixa, báix' á inframar noso seo,
Noso spirto d' o erro á limpar;
Vennos dar o alimento d' os fortes
Pois sin él morr' o xerme d' a vida,
E fallando tua mística exida
Invencibre é pra nós tanto mal.

V.

Cando España cayéu debruzada
Por dous grandes treidores ferida,
Tí lle deches, Xacob, luz e vida,
Cal amante' avangélico pai,
E xuntando seus fillos esparsos,
A partir d' estas serras benditas,
Enrolláchel' ás teifas malditas
Com' arroll' as areas ó mar.

VI.

N' hay outeiro nin veiga n-a España,
Qu' ó falarse d' as nosas mamóreas,
Se non troque en crarín d' as victóreas
Conqueridas sô voso perdón,
Nin bon xefe d' as hostes de Cristo,
Qu' ó sentir d' os alarbios o strago,
Si dixer:— ¡Zárra España, Santiago!!!
N' alcanzár voso erguido favor.

VII.

Cantos reis, e encumadas princesas
Sô a cruz d' o poder dobregados
Acudino ós teus pés espergados
De vagullas por auga lustral;
Se purgaron d' o acedo d' a culpa,
E cal águias erguidas n-a serra,
Xa n-o trono, ou n-os campos d' a guerra,
Foron astros de rico alumar.

VIII.

Anqu' ó d' hoxe non hai berberiscos
Nin normáns que nos causen pavura,
¡Reinan causas de tanta tristura
N-os consellos d' os pobos hispáns!...
Que fai falla que Vós vos ergades
A soste d' a Xustiz' a balanza
Pra esbotar d' antre nos a loitanza
Qu' encirrou a cubiza tirán.

IX.

¡Ai! con Vós volv' a erguers' a Esperanza
Qu' adormenta os pesares loitosos:
Ires son vosos restos groriosos,
Farturentos cal chuvia d' abril.....
Pelengríns, acudamos ó Mestre
Qu' él romedia o máis fondo querbanto,
Pois xa estrica de luz o seu manto
Pra facer nosa pátreia feliz.

X.

Santo arcánxel d' o ceu de Cravixo,
D' o d' as Navas, de Braga e o Salado,
Conservád' ó leal Purpurado
Que non dorme por darvos honor,
E qu' albore por sigros de sigros
A bandeira d' a España creente
Sendo Vos d' o Salén d' o poente
Sempr' imán de saud' e perdòn.

Et qui vicerit, et custodierit usque in finem
opera mea, dabo illi potestatem super gentes.

JOAN. APOCAL. II v. 26.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO



00372333

USC

UNIVERSIDAD
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

